

LINGUA GALEGA

4º ED. PRIMARIA

SESIÓN: LUNS 27 DE ABRIL, 2020

Feliz luns!

Hoxe imos facer unha avaliación para comprobar se lembramos cousas que xa traballamos. Podedes empregar o libro, a libreta, os resumos e esquemas....

Primeiro, comezamos cunha comprensión lectora. A partir dela, realizaremos unha serie de actividades.

—Abúrrome máis que un burro lendo unha novela. Abúrrome máis que un peixe acendendo unha candea no fondo do mar.

Repetía Petunia subindo e baixando da randeeira. E despois, mirando para a randeeira con odio infinito, berroulle:

—E ti para xa! Estou farta dos teus abaneos!

O señor Doce, o seu pai, protestou sen abrir os ollos. El estaba encantado cos arrolos da súa propia randeeira. Ademais, agora o sofá estaba a facerlle a barca barca.

—Petunia, filla, sempre estás igual. Por que non fas algo para entreterte?

Pero Petunia tamén estaba farta daquel consello e non cedeu.

—Abúrrome máis que un burro lendo unha novela. Abúrrome... —púxose a cantaruxar de novo.

María Dolores Ruíz (adaptación).

Agora, contesta as seguintes preguntas... Lembra que non fai falta copialas. Soamente tes que poñer a resposta indicando o número da pregunta. Importante! Lembra poñer a data antes de comezar o teu traballo.

- 1. Busca no dicionario as seguintes palabras para saber o seu significado. Non tes que copiar as definicións na libreta.**

- abaneos, arrolos, candea, randeeira.

2. Cales son os personaxes da historia?

3. Que lle pasa a Petunia?

4. Que lle aconsella o pai?

5. Algunha vez pasouche a ti o mesmo que a Petunia?

6. Que fixeches para remedialo?

Repaso de contidos:

- Tipos de oracións (afirmativas, interrogativas, exclamativas....)
- Clasificación das palabras segundo o número de sílabas: monosílabas, bisílabas, trisílabas e polisílabas.
- División de palabras en sílabas e clasificación segundo a sílaba tónica: agudas, graves e esdrúxulas.

1. Busca no texto:

- Unha oración interrogativa: _____
- Unha oración exclamativa: _____

2. Divide en sílabas as palabras subliñadas no texto:

_____	_____
_____	_____
_____	_____

3. Busca no texto da lectura:

- Tres palabras polisílabas: _____
- Dúas palabras agudas: _____
- Dúas graves: _____
- Unha esdrúxula: _____

O próximo día (martes 28 abril, 2020) seguiremos co repaso de contidos sobre o texto que limos hoxe.

Bótovos de menos!

Bicos a todos/as.

Loli.